

ASUNTO: DECRETO REAPERTURA PISTAS ATLETISMO SALETA FERNANDEZ LOPEZ DENDE O 25 DE MAIO DO 2020

Por Decreto de Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, dada a situación sanitaria na que nos atopábamos e, como complemento as medidas acordadas polo Goberno do Estado e pola Xunta de Galicia, dispúxose entre outras medidas que afectaban ó ámbito estritamente municipal, en relación coa crise sanitaria producida polo coronavirus COVID-19, o peche de Instalacións Deportivas Municipais, entre as que se atopaba a Pista de Atletismo Municipal Saleta Fernández López.

A Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade no seu art. 41 regula a apertura de instalacións deportivas ó aire libre, situación na que se atopa a Pista de Atletismo Municipal Saleta Fernández López.

No Concello de Monforte existe un club de atletismo que se dedica, entre outras cousas, á formación de atletas de todas as idades, do mesmo xeito que contamos con deportistas de elite e cunha gran masa social que practica o atletismo de xeito popular, que están a demandar a apertura das instalacións co obxectivo de retomar os seus adestramentos. É por este motivo que se considera a reapertura da Pista Municipal de Atletismo coas limitacións e indicacións do art. 41 da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Tendo en conta o anteriormente exposto propónse que a reapertura da Pista Municipal de Atletismo Saleta Fernández López se regule do seguinte xeito:

1. Poderán acceder á instalación calquera cidadán que desexe realizar unha práctica deportiva, incluídos os deportistas de alto nivel, de alto rendemento, profesionais, federados, árbitros ou xuíces e persoal técnico federativo.
2. A actividade deportiva requirirá a concertación de cita previa coa entidade xestora da instalación (Concello de Monforte). Para elo se organizarán quendas horarias, fora dos cales non se poderá permanecer na instalación.

A cita previa solicitarase a través da plataforma de reservas online que ten habilitada o Concello de Monforte na súa páxina web na sección de deportes/instalacións deportivas ou a través do seguinte enderezo:

<https://www.sporttia.com/?g=551238>

Tamén se poderá descargar a app "SPORTTIA" para dispositivos móbiles.

Esta reserva poderase facer como máximo ata 8 horas antes do uso.

Os/as menores de 14 anos non poderán facer a reserva online, esta terá que ser feita polo seu/súa pai/nai ou titor/a legal. Neste caso o/a menor, no momento de acudir á instalación terao que facer provisto/a dunha autorización do seu/súa pai/nai ou titor/a legal e que se pode descargar a través da páxina web do Concello de Monforte.

Estableceranse quendas de uso dunha hora de duración.





A instalación abrirá de luns a venres non festivos nas seguintes franxas horarias:

- Horario de mañá:
 - De 9:00 a 10:00 (acceso entre as 8:45 e as 9:15 h.)
 - De 10:15 a 11:15 (acceso entre as 10:00 e as 10:15 h.)
- Horario de Tarde:
 - De 19:00 a 20:00 (acceso entre as 18:45 e as 19:15)
 - De 20:15 a 21:15 (acceso entre as 20:00 e as 20:15)

O aforo máximo por quenda e de vinte persoas.

3. Na instalación deportiva só se permitirá a práctica deportiva individual ou aquelas prácticas que se poidan desenvolver por un máximo de dúas persoas, no caso de modalidades así practicadas, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección, e en todo caso a distancia social de seguridade de dous metros.
4. Unicamente poderán acceder á instalación aqueles/as deportistas que teñan feita a súa reserva. Os/as deportistas non poderán acudir cos seus/súas adestradores/as nin con acompañantes, con excepción das persoas con discapacidade ou menores que requiren a presenza dun/dunha acompañante.
5. So se permite o uso de material deportivo individual e que cada deportista deberá levar da súa casa. Non se permite compartir o material deportivo individual.
6. Utilizaranse unicamente as rúas 1, 3 e 5 e deberá existir a lo menos unha separación de 10 metros durante o adestramento entre deportistas que utilicen a mesma rúa. No caso de ir a outra velocidade pola mesma rúa. Adiantarase gardando a distancia de seguridade e recuperando novamente a rúa.
7. Para controlar os accesos delimitarase unha zona de entrada e unha zona de saída perfectamente diferenciadas.
8. Non se permite a utilización de baños nin vestiarios. Os deportistas deberán acceder coa roupa deportiva da casa.
9. Hai que respectar os horarios de acceso que figuran no artigo 2. Fora deses horarios non se permitirá o acceso á instalación.
10. Os/as deportistas maiores de 14 anos deberán levar o seu DNI que lle será solicitado no momento da entrada. Os menores de 14 anos deberán levar a autorización asinada polo seu/súa pai/nai ou titor/a legal.

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 20/05/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 20/05/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/05/2020 18:18:28

DECRETO: 2020000704
Fecha: 20/05/2020
Hora: 18:18
Persona 76561868C





PRIMEIRO.-Dar conformidade ao informe do técnico municipal de deportes e proceder á reapertura da pista municipal de atletismo Saleta Fernández López con efectos do 25 de maio do 2020, nas condicións reflectidas no informe citado.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente decreto ao técnico municipal de deportes e a publicación do mesmo na páxina web do Concello.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 20/05/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 20/05/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/05/2020 18:18:28

DECRETO: 2020000704
Fecha: 20/05/2020
Hora: 18:18
Persona 76561868C

